

Xosé Chao Rego
Licenciado en Filosofía e Teoloxía. Ensaísta
sobre temas antropolóxicos e teolóxicos

Prisciliano, texto e contexto, anos 379-385

CANDO EU ERA NENO téñolle oído a meu pai unha frase de Unamuno que afirmaba que non se pode seguir crendo que Santiago estaba enterrado en Compostela. Tal afirmación viña do ano 1900, aventurada por monseñor Louis Duchesne, que seica a tomara dun autor alemán. Cando meu irmán, Ramón, escribiu a novela sobre Prisciliano, sentínome cobizoso dun ensaio histórico-teolóxico. Eu non son experto en priscilianismo, que sería o *texto* ao que o título fai referencia, mais seguro me atopo no *contexto*: a reflexión sobre a atmosfera do tempo aquel, venturoso século IV de cristianización da Galiza, mais algo ventureira, por culpa da ideoloxía que dominou no cume da Igrexa.

CUESTIÓNS BIZANTINAS. Lonxe daquel tempo e temporal, a nosoutros cádranos ironizar, pontificando que aquelas discusións eran de tempos idos, bizantinas, avelladas, lembrando o que sucedeu na corte de Bizancio, creada polo emperador Constantino (Constantinopla). No entanto, seguimos utilizando expresións sintomáticas das que esquecemos o contexto orixinal: dicimos que se armou un cristo, ou “se armó la de Dios es Cristo”.

O teólogo M. D. Chenu, indiscutíbel pola súa sabedoría e a fe evanxélica que profesaba, pronunciou, ao acabar o concilio Vaticano II, estas palabras preñes de optimismo: “Velaquí a fin da era constantiniana”. Co emperador Constantino naceu a cristiandade, noción política que se apoia no César-papismo e constitúe unha perversión do cristianismo. O César ha pórse ao servizo do Papa que, co tempo, se vai proclamar señor de dúas espadas, entregando unha ao César para que se poña ao servizo da Igrexa contra as seitas e os sectarios herexes. Sintomático: foi Constantino, non o Papa, quen convocou os primeiros concilios que chamamos ecuménicos, pola amplitude “universal” da convocatoria. O primeiro foi o de Nicea, desde o 20 de maio até o



Representación do Concilio de Nicea. O Primeiro Concilio de Nicea foi un Concilio ecuménico, aceptado por case toda a Cristiandade (agás grupos coma os mormóns), que se celebrou no ano 325. Nel condenouse o Arianismo, que afirmaba que Xesucristo era inferior a Deus Padre, e estableceuse o coñecido como Credo de Nicea. O convocante deste concilio foi o emperador Constantino, algo que tivo unha grande carga simbólica, dado que até había poucos anos (antes do Edicto de Milán de 313) os cristiáns eran sometidos a persecucións dentro do Imperio Romano

25 de xullo do ano 325. O bispo de Roma, que foi asumindo en exclusiva o título de ‘papa’ – ‘pai’ tomado linguaxe familiar– non asistiu. Que Constantino estivese sen bautizar –rito co que cumpriu no leito da agoría– é un índice de que máis lle interesaban as propias comenencias cá conveniencia do Evanxeo. Mesmo se atribuíu o título de bispo de fóra.

A cuestión, non tan bizantina, era que o Xesús predicador se trocou en Cristo predicado. Un sacerdote de Alexandría, Ario de nome, profesaba esta convición: se o Fillo foi xerado polo Pai, daquela tivo que haber un tempo no que o Fillo aínda non existía. Polo mesmo, non existe desde a eternidade –preexistencia–, polo que non é Deus. El e os seguidores foron excomulgados. Era un ataque ao misterio da Trindade. O meu profesor de Historia da Igrexa, o xesuíta Ludwig Hertling, fai esta fermosa reflexión:

O concilio de Nicea produciu unha impresión en toda a Igrexa.

xa. Non porque non houbera xa antes grandes concentracións de bispos nin porque fose a primeira vez que se condenaba unha herexía, pero que fose o propio emperador quen convocase o sínodo, que puxese a posta imperial a disposición dos bispos para lles facilitar a viaxe, que asistise persoalmente ás sesións, honrase aos padres con toda clase de probas de respecto e empeñase a súa propia persoa para conservar a pureza da fe, todo isto parecíalles increíble aos cristiáns, que coma quen di, acababan de saír da máis sanguinieta de todas as persecucións. Entre os bispos asistentes ao concilio había moitos que amosaban no seu corpo as cicatrices dos tormentos.

Nun libro de meu cito, entre os autores que estudaron o problema teolóxico da preexistencia do Verbo (de Cristo), está Olegario González de



Flavius Valerius Aurelius Constantinus, coñecido coma o Emperador Constantino I o Grande, nado en Naissus (actual Niš, en Serbia; daquela pertencente á provincia da Moesia Superior), o 27 de febreiro de 272 e finado en Nicomedia o 22 de maio do 337. As súas leis protexendo o cristianismo, a lexislación sobre os escravos e presos para a súa protección, aínda que moi febles, puxo en camiño unha maior sensibilidade para eles, a pena de morte para os abusos dos recadadores de impostos e o descanso dominical nos labores diarios, son algunhas das leis que quedaron para a posteridade

Cardedal ao que nos remitimos por mor da súa recoñecida competencia e a estima que lle profesaban na mesma Roma. Tres estadios detecta o autor na cristoloxía: a) a súa vida oculta en Deus; b) a traxectoria terrestre que culmina na morte; c) a glorificación a partir da resurrección. E o autor, nado en Cardedal, Ávila, engade:

Esta opción cristolóxica, que le a historia de Xesús desde atrás cara adiante, poñendo ese “atrás” máis aló do noso tempo de humanos no ámbito persoal de Deus, vaise converter na opción católica por antonomasia a partir do concilio de Calcedonia.

O problema é serio, consecuencia da conversión do Xesús predicador en Cristo predicado. Estamos perante unha tendencia descendente e dedutiva que tende a infravalorar a historia. A Igrexa, que se viña configurando a partir do “misterio da lúa”, con fases crecentes e minguantes, se foi trocando en misterio do sol: Constantino –disque– era adorador do deus solar Mitra. A gramática complica a cuestión: habería que establecer unha cristoloxía ascendente, inductiva. A maiores, xa hai ben tempo que Karl Rahner, teólogo pouco sospeitoso, fixo observar este dato gramatical: cando confesamos que en Deus hai tres persoas, hai que ter en conta que o termo etrusco “prosopon” era a máscara de cera coa que o actor de teatro ocultaba o rostro para que aparecese o personaxe. Dicer que en Deus hai tres persoas é

afirmar que hai tres deuses, pois persoa significa individuo.

Pasamos agora do contexto ao texto.

OS PRISCILIANISMOS. Se o boi non é de onde nace, senón de onde pace, e o crego non é de onde canta, senón de onde xanta, relativamente pouco importa saber se Prisciliano naceu na Galesia romana, da que a actual Galiza é a parte máis notoria. Polo demais, rexistramos cinco formas de priscilianismo:

1. Fase orixinal, anterior á denuncia que Hixinio de Córdoba formulou a Hidacio de Mérida. Minoritaria e pouco coñecida, era de gran rigor acético.
2. Ampliación do movemento prisciliano, dual porque convive nel unha dobre minoría: a de maior esixencia ascética, cun priscilianismo de masas, que presaxia a terceira fase.
3. Período popular, sobre todo logo do martirio do que foi profeta contra o poder, que o converteu no primeiro mártir que fixo a Igrexa. No ano 400, intervención do concilio de Toledo: practicamente todos os bispos galeiros eran seguidores de Prisciliano, non por capricho, senón porque tamén o era o pobo cristián que os elixira.
4. Un priscilianismo difuso que, despois da liquidación que intenta San Martiño de Dumio, dous séculos despois, permanece coma remol ou rescaldo nun pobo que

xamais tivo excesivo entusiasmo pola ortodoxia.

5. Por fin, un priscilianismo cultural, incluso étnico, nacionalista, mito fundador da galegitude. Mentres moitos manuais de Historia descoñecen tal personaxe, na Galiza soa o seu nome sen maior noticia biográfica ou doutrinal.

CRISTO CHEGA Á GALECIA. Brincando sobre datos anteriores ao século IV, por aforrarmos tempo, parece básico partir de que tal século abre as portas ao cristianismo, que procede, maioritario, do norte de África, de Cartago. En Galesia o cristianismo preséntase con trazos orixinais. A carencia dunha rede de cidades favoreceu o desenvolvemento das comunidades campestres e dun episcopado rural. Mercé de tal fenómeno, o priscilianismo non bateu cunha forte xerarquía episcopal que se opuxese á súa difusión, como sucedeu na Bética, actual Andalucía. De Córdoba fora metropolita Osio, a quen Constantino (morto no ano 337) outorgou, entre outros honores, a presidencia do concilio de Nicea. Tamén se propiciou o nacemento dunha corrente ascética, como se evidencia no caso da peregrinación a Oriente da virxe, que non monxa, Exeria.

Como hoxe temos un concepto unitario de Portugal, cúmprenos distinguir entre o sur, a Lusitania, e o norte, onde principia a Galesia. A liña divisoria era o río Douro. A Lusitania seguía até o Atlántico e alongábase contra a costa occidental até bater, polo sur, co estreito ou golfo de Cádiz.

A capital da Lusitania era Emérita Augusta, actual Mérida, en Estremadura, e alí vivía o bispo, de nome Hidacio, polo que a esta historia atinxe, diocese e personaxe que adiamos para páxinas vindeiras. Subliñamos que Mérida era a cabeza dun dos tres conventos xurídicos en que estaba dividida a provincia lusitana. Da importancia desta cidade dan fe ruínas que se conservan. Permítaseme unha metáfora para describir a situación eclesiástica do século IV, fenómeno si-

Arco de Caparra, ao norte da actual
Extremadura

milar ao da trágica lenda dos mariñeiros: O congro, peixe preguiceiro mais voraz, métese nos ocos das rochas; o xentil lumbricante vaille fornecendo alimento até que, de gordecho que se pon, non pode saír. Daquela, o lumbricante vai devorándoo aos poucos. Situación similar da Igrexa, polo poder de Constantino que converte o cristianismo en cristiandade política pondo en marcha o César-papismo: o poder político, lumbricante, a favor dunha Igrexa-congro, favorecida para logo tirarlle proveito político.

DRAMATIS PERSONAE. O metropolitano Hixinio, residente en Córdoba, formula denuncia a Hidacio, metropolitano de Mérida e alto cargo político de Roma, para que pescudase sobre rumores dun movemento non ortodoxo. A denuncia acadou uns límites que acaso Hixinio non esperaba: a mobilización compulsiva e inquisitorial da que o honrado consultante será vítima en virtude do que descubriu, facéndose, en consecuencia, el mesmo priscilianista. O retrato que deseña Sulpicio Severo na súa Crónica, é significativo:

Hixinio, bispo de Córdoba, pescudando de cerca, contou as súas investigacións a Hidacio bispo de Mérida. Pero este, ao acosar a Instancio e os seus compañeiros sen medida e máis de conveniente, engadiu leña a un lume incipiente de xeito que os alporizou máis do que os contivo.

Sulpicio Severo é rigoroso no xuízo que formula sobre Itacio, bispo de Ossonoba (hoxe Faro, Portugal), laicaio de Hidacio de Mérida. Deste Idacio o cronista, a pesar de que probablemente bebeu en fontes antipriscilianistas, apostrofa:

De Itacio debo dicir que non tiña nada de xusto nin de santo; era ousado, lareto, descarado, presuntuoso, moi dado ao ventre e á gula. Levou até tal extremo a súa necidade que incriminaba e difundía desde os compañeiros e discípulos de Prisciliano a todos aqueles mesmo santos

varóns que sentían ansia de cultivar o estudo ou tiñan propósito de darse ao xaxún.

Malia o severo xuízo de Sulpicio sobre Prisciliano, a descrición do personaxe non ten perda:


De familia nobre, rico, de roxo carácter, elocuente, erudito de moita lectura, moi resolto para a disertación e o debate, home de éxito, en verdade, se non tivese corrompido o seu ben dotado talento con afeccións erróneas.

En suma, moitas calidades espirituais e físicas se podían distinguir na súa persoa: podía manterse en vela moito tempo e aturar fame e sede; non desexaba máis do preciso, sendo parquísimo nos seus gastos.

Pero, ao tempo, era moi vaidoso e máis fachendoso do que cumpre, nas ciencias profanas; mesmo se pensa que exercitou desde a súa adolescencia artes máxicas.

ZARAGOZA NON DECIDIU. Cesa-raugusta (Zaragoza) cadraba a medio camiño entre Mérida e Bordeos, capital esta de Aquitania, sur da Galia, actual Francia. No ano 380 convocouse un concilio nesa cidade para tratar a cuestión. Prisciliano non puido asistir pois non era bispo: foino posteriormente de Ávila e quedan dúbidas sobre a lexitimidade e validez da súa consagración episcopal. Houbo partidarios del que non asistiron ou que se retiraron do concilio, motivo polo que o bispo de Roma, “San” Dámaso (título canónico pouco compatíbel co seu ascenso ao papado logo de mataren os seus partidarios 137 persoas, ou 150 consonte outras fontes, para conseguilo), ese Dámaso –dicimos-, interveu para que ninguén fose condenado sen asistir ao concilio e ser escoitado. Dese fallado concilio zaragozano quedan 8 elocuentes canons.

Non imos demorar na cantidade de herexías diversas –en realidade arbitrarias– que se lle atribúen sen o menor escrúpulo histórico, coma



ser un vicioso sexual, cando parece todo o contrario: disque era encraticada, aborrecendo nesta seita toda relación sexual de procreación con refugo, polo tanto, do matrimonio. Seica practicaba a maxia, astroloxía e o maniqueísmo, equivocándose neste terceiro caso, pois consideraban que o fundador, Mani ou Manes, era de Persia, inimiga de Roma. Calquera persoa inducía a pensar na espionaxe, mais o berce de Mani era Mesopotamia.

Despois de acontecementos diversos, entre eles unha viaxe a Roma coa compañía de seguidoras, foi intento frustrado por Dámaso, que se negou a recibilos. Unha fermosa carta de Prisciliano non tivo resposta ningunha, máis có silencio. Tamén se dirixiron a Milán para visitar o bispo Ambrosio, home de talla e bispo da cidade italiana que era residencia do emperador, motivo polo que tiña maior importancia que Roma, pois exercía de carabina imperial e acababa de suceder ao bispo milanés Auxencio, seguidor do arianismo. Mais, cando menos, o Ambrosio pronunciou unha frase tremenda: comparaba Prisciliano con Xesús de Nazaré, que fora levado do tribunal relixioso xudeu de Caifás ás mans dun Pilato, que tivo que lavalas polo ‘soponcio’ – “Sub Poncio Pilato” – dun home xusto. Así o entendeu unha muller esquecida polo feminismo, a esposa de Pilato, que envía un propio pedíndolle que non se metese na causa dese xusto, pois tivera un soño sobre o asunto. Todo rematou coa execución do inxustamente inculcado



e dalgúns seguidores, por sentenza do emperador católico, o usurpador Máximo, asasino e asasinado.

Tras a tortura, recoñeceu certo interese polo estudo da maxia, a celebración de reunións nocturnas de mulleres e tamén o ter rezado espido. Condenado por “maleficium”, por superstición. Unha Igrexa saída había pouco da máis sanguifenta persecución, a de Diocleciano, levou a cabo, coa colaboración do poder político, o primeiro martirio dun cristián pola propia Igrexa: non polo cristianismo evanxélico, senón pola cristiandade política. Sulpicio Severo asevera:

Unha vez executado Prisciliano, non só non se atallou a herexia que xurdira por medio súa senón que se afianzou e propagou máis amplamente. Os seus seguidores estimárono antes coma santo, agora comezaron a veneralo coma mártir. Trasladaron os restos dos executados ás Hispanias e celebraron os seus funerais con grande solemnidade. Xurar por Prisciliano chegou a considerarse do máis sagrado.

A CHAVE DO PROBLEMA. Estar ausente da asemblea litúrxica dominical denominada *ekklesía*, única lexítima celebración e presidida polo bispo local, a cuestión tórnase problemática, pois o cristianismo ía medrando tamén no mundo rural, onde “pagáns” –do latín *pagus* que significa aldea– ían sendo numerosos. A estes apéndices rurais enviaba o bispo o “fermento”, pan eucarístico para que a Igrexa nai, baixo ese símbolo, garantise a unidade cristiá. Os ascetas, por exemplo, eran temíbeis, pois practicaban un absentismo rebelde, perigoso estímulo contra as decisións das dioceses que minguaban a autoridade dos bispos ante o

pobo. Considerábano coma falta á observancia dos bautizados, absentismo que podía deberse a diversos motivos: negligencia, conflito doutrinal amosando independencia da Igrexa oficial.

O asunto era delicado: o absentismo ou ausencia, era activo, non simple desidia, senón unha opción fronte á cidade episcopal e a favor das “*villae*”: latifundios, especie de granxas industriais que algúns comparan cos pazos galegos. A prohibición de celebrar descobre que ese absterse podía convidar á oposición á Igrexa oficial. Comparar estes disidentes coas actuais Comunidades de Base que, insatisfeitas coa oficialidade xerárquica, mesmo celebran a eucaristía sen crego, non convence mais dá unha pista.

No caso da Galicia, o perigo residía en que, no século IV, o cristianismo procedía maiormente do norte de África –Cartago– e, non habendo, como dixemos, unha rede de cidades importantes, o cristianismo era rural, elixindo os bispos sen o control que padecían na cidade. O grave era que, nos primeiros séculos, non houbo sacerdocio e agora xurdía o clericalismo: a palabra *kleros* significa, en grego, ‘parte selecta’. De acordo coa carta aos Hebreos, soamente existe un sacerdote único: Xesús o Cristo. Malia o rigor da referida epístola, o sacerdocio que nunca e existira no cristianismo e xa nin tan sequera existente entre os xudeus, invéntase coma estrutura de poder. Os membros do pobo foron definidos nos séculos II e III negativamente, como non clero, quedando en laicos, do grego *laos*, ‘pobo’: “simples” bautizados, que xa é dicir.

A maior afondamento, no século IV –o de Prisciliano e o de Galicia– nace a Xerarquía: poder sagrado, a Igrexa coma divina, amparada polo poder de Constantino. Do filósofo

pagán e neoplatónico Plotino nace a escollen a palabra *xerarquía*, ‘poder sagrado’. Que se ampara nun sacramento, introducindo o concepto romano de Orde, neste caso sagrada. O pobo non ten Orde ningunha que o protexa das desordes xerárquicas.

TRES DELITOS DUN TRANSGRESOR

- a) A primeira transgresión da que o repriman é a de se atribuír a condición de doutor estudoso da Biblia, ser lector da literatura apócrifa, descartada pola gran Igrexa. “Simple bautizado”, a pesar de que o apóstolo San Paulo era a distinción suprema. Co apoio do emperador Constantino, que encheu a Igrexa de privilexios e doazóns, medra o clericalismo e o César-papismo. O berro profético do aquí citado teólogo Chenu sobre a fin da era constantiniana tras o concilio Vaticano II, é un feito aínda non cumprido.
- b) Hai moita xente que non dá aprendido o comportamento de Xesús de Nazaré coa muller. Polo demais, unha deficiente información sobre San Paulo converten este promotor da dignidade de igualdade da muller en antifeminista. Malia o feito dalgunha incoherencia no Apóstolo, o pensamento autenticamente paulino está na Carta aos Gálatas e a outras: na “biografía” sobre el no Feito dos Apóstolos aparece coma promotor da muller. Atribuír outra actitude das epístolas deuteropaulinas, posteriores á súa morte, é cientificamente incorrecto, así como é lexítima a dúbida sobre algunha interpolación posterior de frases ao texto auténtico. Non se intenta desculpar Paulo dalgunha incoherencia. Acusar Prisciliano de mulleiro é descoñecer a evolución que se deu na Igrexa –como evidencia a virxe Exeria– e a marcha atrás na que o noso Profeta non cae. Culpalo da compañía de incircuncisas parece unha afirmación burlesca, pois bioloxicamente a circuncisión é cousa de homes.

Codex Sinaiticus, un manuscrito do século IV da versión grega da Biblia. Orixinalmente contiña a totalidade de ambos os dous Testamentos

Sintomaticamente, San Xerome, ambicioso e colérico, cun número de discípulos maior e con pretensións de, sendo secretario do papa Dámaso, chegar a papa, ten que fuxir de Roma a Palestina. E alí funda dous grupos de mulleres. A pesar do seu antifeminismo sexual, o importante era ter seguidoras para exercer o seu maxisterio bíblico. Remata acusando Prisciliano por análogo motivo. A referida Carta aos Gálatas, (3:28-29) de Paulo, afirma categoricamente: **Todos vosoutros sodes fillos de Deus pola fe en Cristo Xesús, porque, aos que vos bautizaron en Cristo, vos vestiron de Cristo. E todo iso de xudeus e gregos, de escravos e libres, de homes e mulleres, todo iso acabou.**

- c) Rigoroso asceta, recoñecida a súa abstinencia, cal era o motivo de acusalo de monxe bravo? Tal era o terceiro delito. Se os monxes eran mal vistos por exceso de rigor suponse que habería un límite. Os excesos ascéticos tiñan coma obxectivo a materia sexual e o dominio da carne. Disque parte animal do ser humano: o corpo era desprezado por filosofías coma a neoplatónica e a estoica, fontes espurias onde abeberou o cristianismo primitivo. Xúntanse catropeas de monxes, ás veces violentos, e terían a sensación de formar a verdadeira Igrexa.

Estaba nacendo o monacato e, a falta de mártires a veneraren, os anacoretas que se retiraban ao deserto gozaban da admiración do pobo e a distancia dos bispos facíaos perigosos para a Igrexa establecida. Ben é certo que había cousas estrañas e un contemporáneo afirmou que algúns monxes entraban tanto no deserto que saían pola outra parte, mais non poucos retirábanse defraudados da oficialidade.

RAÍCES ÉTNICAS?. Cando a calquera se lle pregunta por Prisciliano, é frecuente escoitar tres acusacións: que era un mullereiro, tamén pan-

teísta e que podería ser un sacerdote druída, celta. Deixando a primeira resposta sobre as mulleres, asunto sobre o que algo xa dixemos, analizamos as outras dúas. Adóitase escoitar a característica de contacto coa Natureza e o eventual celtismo do Profeta e dos intelectuais galaicos, como autentifica Daniel Castela:


A Galiza do século IV deu a figura extraordinaria de Prisciliano, perseguido por enxertar na súa doutrina católica o sentido panteísta do seu país natal e a liberalidade moral dos seus coterráns.

Sobre o eventual panteísmo, haberá que afirmar rotundamente que, para os primitivos, non toda a Natureza era divina, e teño entendido que, fóra das filosofías coma a estoica, o mundo non é considerado corpo da divindade. Se escoitamos Mircea Eliade poderemos situar con maior exactitude as coordenadas de tan contundente afirmación:

O cristianismo en xeral e a filosofía cristiá en particular son susceptíbeis de renovación se promoven o cristianismo cósmico no que o pobo medrou. O éxito considerábel de Teilhard de Chardin é debido, concretamente, ao feito seguinte: el volveu santificar e cristianizar o mundo, a vida, a materia.

Non adoraban a Natureza, senón que seleccionaban lugares e fenómenos específicos que servisen de mediadores entre o ser humano e a divindade: lugares hierofánicos ou sagrados que realizan esa ruptura de nivel entre o profano e o sagrado á que se refire Mircea Eliade, aclarándonos que non toda pedra, nin toda árbore é sagrada. E, por certo, os lugares ou tempos escolleitos non eran adorados: servían de soporte para simbolizar a divindade invisíbel. O patriarca Abraham selecciona unha soa aciñeira do aciñeiral de Mambré, e ao seu abeiro pon a tenda de campaña, que lle ha fornecer sombra.

Eduardo López Pereira afirma sobre San Martiño de Dumio (Braga, Portugal) algo que confirma o profesor bra-



carens Pinheiro Maciel: que o tal Martiño non procede do Oriente, senón de Panonia (Hungría), sendo enviado por Roma, no século VI, para erradicar as supersticións idolátricas. O cristianismo popular foi sacrificado no altar do catolicismo eclesiástico, con prexuízo para a relixiosidade popular.

Na segunda metade do século XIX principia o neopriscilianismo, por obra de Benito Vicetto e grazas, sobre todo, ao home de Rosalía, Manuel Murguía. No contexto dun romanticismo que aivece a exaltación das clases populares, Murguía profesa a renacenza do celtismo e o druidismo ou existencia de druídas, sacerdotes celtas, do que sería exemplo máximo Prisciliano. Estamos perante un nacionalismo, unha etnicidade que será alimentada por varios autores. Nosoutros, non gozando de espazo, limitámonos á opinión de Ramón Otero Pedrayo, que aventura:

Pouco importa que non haxa testemuños exactos sobre os druídas gallegos, mais ninguén tampouco negará a existencia do druidismo en Galicia. É A forma superior e a aspiración da antiga vida celta. Non sería Prisciliano un home de formación druídica?

A figura de Prisciliano, e en boa parte mercé dos autores citados, converteuse en mito ■